

1. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022.

Departamento de Matemáticas.

1.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Tal e como establece a presente programación a recuperación de materias pendentes seguirá o calendario establecido e comunicado a alumnado sobre a presentación dos boletíns de recuperación e a realización da probas escritas correspondentes.

No caso de non obter cualificación positiva dos xeitos anteriores, o alumnado que non supere a materia pendente poderá adicar o período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria a realización de tarefas de recuperación para preparar o exame final. Este exame ten un peso do 100%.

1.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.

Nas últimas semanas do curso, no período que hai entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final traballarase na aula cos alumnos que teñen a materia suspensa proporcionándolles actividades de repaso e reforzo co fin de preparar o exame de recuperación (exame 90%, tarefas 10%).

Para aqueles alumnos que teñan a materia aprobada prepararanse actividades de reforzo/ampliación e poderán subir a nota media ata un punto se realizan correctamente todas as tarefas propostas polo profesor. Tamén poderán presentarse ao exame global para subir nota (exame 90%, tarefas 10%).

1.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

Nas últimas semanas do curso, no período que hai entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final traballarase na aula cos alumnos que teñen a materia suspensa proporcionándolles actividades de repaso e reforzo co fin de preparar o exame de recuperación.

Para aqueles alumnos que teñan a materia aprobada prepararanse actividades de reforzo/ampliación.

1.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

Segundo o calendario establecido para este curso 2021/22, a avaliación ordinaria levarase a cabo o 18 de maio. Entre esta data e a data das probas das ABAU o alumnado continuará con clases de repaso de toda a materia para preparar ditas probas. Para o alumando que non superou a materia ditas clases serán de preparación da proba extraordinaria.

1.5. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

Previo a realización do informe o docente revisará as súas notas (caderno de clases, probas escritas, etc.) para poder elaborar un informe onde indicará detalladamente aqueles aspectos do currículo que o alumno/a debe traballar para poder recuperar a materia.